

# Escolma de textos

## ANTONIO NORIEGA VARELA

### Texto 1

#### Do ermo

LABERQUIÑA...

Laberquiña, que te axoitos  
das degaradas queivotas  
olndo o solvaxe barro,  
musa, que a mariña extraños,  
ollo as azules montañas  
¡desde as platas do desterro!

Esquence o mar, lembra o gado  
mitudo, i o regalado  
vivir, ¡as tumbadas festas!,  
i as cantigas dos pastores,  
que fan grinada coas frores  
amarelñas das xestas.

### Texto 2

#### Do ermo

A BRÉTEMA

A brétema, ¿ti sabes?, é ceguño:  
os piñeides pouco a pouco explora,  
i anda sempre descalza, e si se espíña  
sangrar, non sangra; pero chorar, chora...

Chora copiosamente a pobresñal  
como chorou Xesús, cal chora a aurora,  
i en meus do sol é cada lagrimíña  
derramada, unha estrela brilladora...

Lagrimíñas preciasas!, recollelas  
mili veces se me ocorre, pra con elas  
facer... ¡si xa non soño, ¿que eu faría?!

¿Unha sarta me pides? Lograréina.  
¡Como un rei quixera pra unha reinal  
como nunca se veu na xoiería.

### Texto 3

#### Do ermo

UNHA BREVE PUCHARQUIÑA

É unha breve pucharquiña  
sobre un enorme penedo.

Sin fatuidade urbana,  
míranse naquel espello  
as forñas dun carpazo,  
a ramaxe dun esvedro,  
linda pastora de Anxigo,  
i as estrelíñas do ceio.

É unha breve pucharquiña  
sobre un enorme penedo.

### Texto 4

#### Do ermo

TODA HUMILDE BELLEZA

Pra dona Purificación de Cora Sabater.

Vago xirón de brétema, atavío  
soberbio de hirta xesta, reidora,  
fulgurante doña de rocío  
(pazo do sol e lagrima da aurora);

raíola de lunar que bica o río,  
flor mareliña que entre espíñas chora,  
ou das teidas da graña un tenue fio,  
toda humilde beleza me namora.

É un vermeño de luz o amigo caro  
do meu nume saudoso... Antes reparo  
na nudez adorable dunha estrela

que nas rosas dos vales, que sorrien,  
que nos mantos dos pinos que se engríen,  
que nos blondas do mar, que se rebela.

## RAMÓN CABANILLAS

### Texto 5

#### No desterro

A PRINCESA ROIBA...

Reza un merto no soute  
froido de cereixos  
relixioso ofertorio  
duns místicos amores.  
Pasa un vento de bicos  
que vai buscando beixos,  
como enxame de abellas  
que vai buscando frores.

Fío a fío debulla  
súa madeixa a fonte  
barbullando chorosa  
o verso lexendario  
do Paxe de Castiela  
afloreco na Ponte  
e da Reina encantada  
no Pazo solitario.

Nas follas dos salgueiros  
pelexas e chitidos.  
Un trasto luxurioso  
estada en gargalladas  
ollando, sobre o espello  
das augas, os despidos  
copos, cristid e neve,  
dun falo de driadadas.

Nas cálices das rosas  
hai comunión de orballo.  
Mentras no rexio alcázar  
xunta ó baleiro trono  
por ela espera a corte,  
ó sombra dun carballo  
lexe a princesa roiba  
un encaixe de Ensono.

### Texto 6

#### No desterro

SAVONAROLA

Na praza que o Palazzo Vecchio cerra,  
ante a forza do frade florentino,  
cambecado o pobo do Duomo, indino  
seus fanatismos embruxado berra.  
Esquencendo o saqueo de Volterra,  
na fogueira que encende Ramolino  
ó arroxoar o cadavre, é asasino  
das liberdades da súa propia terra.

O Cristo da Edá Media foi queimado.  
A negra intransixencia do Papado  
as súas cinzas sobre o Arno oventa.  
Mais quedounos alísimo tesouro  
nesta frase en que o espírito seu denta:  
«Cállices de madeira e Bispos de ouro».

### Texto 7

#### No desterro

No máis fondo, no máis fondo  
lévoite dentro de min:  
Entrache un día xogando,  
por sempre quedache alí.

Xa o sabes. ¡Crava o puñal  
sin ter compasión de min,  
pero non o enterras moito  
porque te podés ferir!

### Texto 8

#### Vento mareiro

POMBAS FERIDAS

XI

A roseira do recordo  
ten as rosíñas a centos;  
nias pode queimar o sol  
nias pode arrincar o vento:  
florece cando se quere  
e dalle o delor recendo.

**Texto 9**

**Vento mareiro**

ACCIÓN GALLEGA

Hino

¡Irmáns! ¡Irmáns gallegos!  
¡Dende Ortegal ó Miño  
a falla do fouciño  
fagamos rebrillar!

Que vexa a vila podre,  
coveira da canalla,  
á Aldea que traballa  
disposta pra loitar.

Antes de ser escravos,  
irmáns, irmáns gallegos!  
que corra a sangue a regos  
dende a montana ó mar.

¡Ergámonos sin medo!  
¡Que o lume da toxreira  
envolva na fogueira  
o pazo señorial!

Xa o fato de caciques,  
ladóns e herexes, fuxe  
ó redentor empuxe  
da alma rexional.

Antes de ser escravos,  
irmáns, irmáns gallegos!  
que corra a sangue a regos  
dende a montana ó val.

**Texto 10**

**Da terra asoballada**

¡EN PÉ!

¡Irmáns! En pé sereos,  
a limpa frente erguida,  
envoltos na brancura  
da luz que cai de riba,  
o corazón aberto  
a toda verba amiga,  
e nunha man a fouce  
e noutra man a oliva,  
arredor da bandeira azul e branca,  
arredor da bandeira da Galicia,  
cantémo-lo dereito  
a libre nova vida!

Validos de treidares  
a noite da Frouseira  
á patria escravizaron  
uns reises de Castela.  
Comestas polo tempo,  
xa affoxan as cadeas...  
irmáns asoballados  
de xerxes estranxeiras,  
ergámo-la bandeira azul e branca!  
¡É o pé da enseña da nazon galega  
cantémo-lo dereito  
a libertar a Terra!

¡Irmáns no amor á Suevia  
de lexendaria historia,  
¡en pé! ¡en pé dispostos  
a non morrer sin loita!  
¡O día do Medulio  
con sangue quente e roxa  
mercámo-lo dereito  
a libre, honrada chouzal

¡Xa está ó vento a bandeira azul e branca!  
¡A oliva nunha man, a fouce noutra,  
berremos alto e forte:  
«¡A nosa terra é nosa!»

**Texto 11**

**Da terra asoballada**

O CARBALLO

Cando soio, ó serán, vou paseniño  
cara ó fogar, de volta do traballo,  
sempre detén meus ollos un carballo  
ergueito nun mallón, sobre o camiño.

Lanzal o tronco, as ponlas alongadas,  
o follaxe en dose, forte, senlleiro,  
ten a medosa traza dun guerreiro  
vixiante de castros e valgadas.

Ó chegar ó pé del na atardecida,  
da lexendaria idade saudoso,  
quixérao ver cadeira froreida

dun rei celta, barbudo, fazañoso,  
ou soleada, verdecente ermida  
dun santiño aldeán e miragroso.

**Texto 12**

**Na noite estrelecida**

A ESPADA ESCALIBOR (fragmento)

É o pobo que, levado das iras do Destiño,  
seguindo o rumbo fúixido do sol no seu  
camiño,  
tramontando da Europa as fragorosas  
serras,  
dende os castros azúes e as verdecentes  
terras

das fontes do Danubio, inqueda, esitante,  
atravesou a canle do bravo mar de Atlante  
e arribou ós rochedos que o misterioso  
druída  
siñalara por lindes da terra prometida,  
da terra en que repousa afiado as espadas  
para as novas, baríles e sangrentas  
xornadas;

que os gaélicos bardos das arpas  
armoñosas  
xa anunciaron os tempos das loitas fazañosas.

**Texto 13**

**Na noite estrelecida**

O SONO DO REI ARTUR (fragmento)

Os vellos servidares e os nobres fazañosos  
escoutan ó Rei santo trementes e chorosos  
e un sopro de misterio de inorada fragancia  
bica as frentes reais, revoando na estancia.  
¡Galahaz, docemente, diante o Rei axoella  
e lle amosira dos ollos a esmeralda onde  
espella  
crara, fúixida, viva, con ardor de luceiro,  
a visión miragrosa do día do Cebreiro:  
o cáliz que lampexa fulgor de eternidade  
e a pomba renascente da diviña Saudade!

**Texto 14**

**A rosa de cen follas**

III

Naceume unha fro no peito,  
no furo sombrizo e estreito  
crece que dá graría ver.

É bermella. ¡Foi liguída  
polo sangue da ferida,  
que rachou para nacer!

**Texto 15**

**Versos de alleas terras e de tempos idos.**

Sentirás un bater seco, inquedaante,  
si pós a man enriba do meu peito:  
é un carpinteiro que non fondo, arfante,  
labra meu coddelleito.

Bate que bate, con tenzón avesa,  
non o podo aturar nin repelir ...  
¡Acaba, carpinteiro, acaba apresa  
e déixame durmir!

(Versión galega dun poema de Heine)